

Terceiro ano de BookFaceFriday



Biblioteca
Deputación

**Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña**

PROXECTO REALIZADO

Do 19 de novembro de 2021
ao 11 de novembro de 2022

Contido

INTRODUCCIÓN3
CATÁLOGO.....5

INTRODUCCIÓN

E xa van 3 anos!

Igual que fixemos o ano pasado, para os novos seguidores que aínda non saiban de qué vai o proxecto, contámosvos un pouco en qué consiste este movemento a nivel mundial, que comezou alá polo 2014 en Twitter e Instagram a iniciativa da Biblioteca Pública de Nova York.

Co cancelo #bookfacefriday, tódolos venres bibliotecas de diversos lugares do mundo coinciden en publicar recomendacións de libros dos seus fondos dun xeito orixinal, que consiste en seleccionar a portada e completala e ambientala con persoas e escenarios reais.

A Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña adheriuse en novembro de 2019, contando cada vez con máis adeptos e seguidoras e seguidores que están a desexar que chegue o venres para saber con que imos sorprender desta vez.


Chegado novembro de 2022, completamos xa outro reto de publicar 52 fotografías (1 por semana) que permitan atraer a novas persoas lectoras, e sobre todo incitar a todo o público que as vexa a ver a literatura con outra ollada e interesarse polos argumentos dos libros que recomendamos, que procuramos que sexan do máis variado, pero tamén relacionados con datas sinaladas ou especiais (Día das Letras Galegas, Día da Literatura Infantil e Xuvenil, etc.).

Con esta exposición queremos novamente dar visibilidade, máis aló das redes sociais, ás recomendacións literarias de todo o ano. Agardamos poder inspirar novas ideas de lectura, especialmente para a fin de semana, xa que se publican todos os venres.


Como dicimos en cada unha das recomendacións: "E ti, que vas ler esta finde?"

Grazas a todo o equipo que está detrás do proxecto, sen o que este proxecto sería misión imposible (modelos, suxeitalibros, fotógrafos, vestuario, ambientación...):

- Ana Belén
- Carlos
- Carmen
- César
- Miguel
- Silvia
- Gema
- M^a Carmen
- María L.P.
- María L.S.



CATÁLOGO

Semana 1: 19 de novembro de 2021

Así de soltas estamos hoxe! E non é para menos, que comezamos o terceiro ano de reto de bookface, así que estamos de celebración! Graciñas polo voso apoio que nos anima a continuar.

Hoxe recomendámosvos a Triloxía de Copenhague, que reúne os tres libros fundamentais de Tove Ditlevsen, aclamada como unha das voces máis importantes e singulares da literatura danesa do século XX.

Ben vale para completar o voso reto pendente de ler escritores de tódolos países (idea).

P.D.: non fagades nadiña do que sae na foto!

Trilogía de Copenhague / Tove Ditlevsen

Sinatura: 3A/4511

IG: 91 me gusta / 5 comentarios

Semana 2: 26 de novembro de 2021

Na súa autobiografía "A mí no me iba a pasar", Laura Freixas ábrenos as portas, de maneira íntima e desgarradora, a unha das etapas centrais da súa vida: o matrimonio e a maternidade, e de maneira crítica reflexiona sobre o rol feminino convencional que nunca quixo levar.

Parécenos unha recomendación moi acertada para os tempos que estamos a vivir...

A mí no me iba a pasar / Laura Freixas

Dispoñible na [EbiblioDaCoruna](https://www.ebibliodacoruna.es/) IG: 77 me gusta / 3 comentarios

Semana 3: 3 de decembro de 2021

Unha modelo de 17 anos á que lle falta o embigo desaparece en Madrid. Os inspectores Martínez e Pieldelobo fanse cargo da investigación, pero chocan desde o primeiro momento. Él un pai cincuentón e caótico e un tanto anticuado, ela unha milenial combativa, intelixente e feminista...

O traxe que empregamos para a foto, feita con tea de sari orixinal, non é ningunha pista para resolver o misterio do libro, pero a portada prestábase a un bookface orientalizante así que... velaí está.

Donde haya tinieblas / Manuel Ríos San Martín

Sinatura: 3A/4590 e na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca.coruna.es/)

IG: 68 me gusta / 8 comentarios

Semana 4: 10 de decembro de 2021

En contra dos desexos dos seus pais, en 1950 Grace múdase a Estados Unidos para converterse en actriz. Non tardará en verse en dificultades sendo unha muller nun mundo de homes, pero ela arránxase para defenderse e emanciparse dos seus pais, da poderosa elite de Hollywood e tamén das expectativas sociais.

La decisión de Grace Kelly / Sophie Benedict

Sinatura: 3A/4411

IG: 63 me gusta / 2 comentarios

Semana 5: 17 de decembro de 2021

Talvez as verdadeiras experiencias emocionais, as que nunca se esquecen, sexan as que se producen na adolescencia, ese territorio quebradizo no que un se asoma por primeira vez á vida adulta. Estaciones de paso recolle cinco historias de adolescentes abocados a vivir circunstancias que lles exceden, pero que, sen sospeitalo, acabarán forxándolles como adultos. Son historias de determinación e coraxe, de conflito coa contorna familiar, pero tamén de amor, de educación sentimental e de formación da conciencia.

Estaciones de paso / Almudena Grandes**Sinatura:** 3S/1959

IG: 146 me gusta / 4 comentarios

Semana 6: 24 de decembro de 2021

desexos máis íntimos.

Libres, sinceras e pícaras. Así é como se sente un grupo de viúvas punxabíes cando descobre a maxia da literatura. Ningunha podía imaxinar que un taller de escritura fose a alterar tanto as súas vidas, nin sequera a mestra moza que imparte o curso. Na aula, estas mulleres conseguirán liberarse do lastre das tradicións e farán voar a súa imaxinación, atrevéndose a escribir os seus

Historias eróticas para viudas del Punjab / Balli Kaur Jaswall**Sinatura:** 3S/11939 e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 72 me gusta / 3 comentarios

Semana 7: 31 de decembro de 2021

Vinte anos dunha das novelas biográficas máis emocionantes: a vida de Marilyn Monroe contada por Joyce Carol Oates. O libro no que se basea a película homónima protagonizada por Ana de Armas, e un dos 40 libros imprescindibles escritos por mulleres segundo Elena Ferrante.

Pois esta foto pareceunos unha elección acertada para rematar ben o ano, porque o de sair en taconazo xa está un pouco demodé nos tempos que corren, non credes? Ademais, quen dixo que un alboroz non podía ser igual de

glamouroso, se se leva como o levaba Marilyn?

Blonde / Joyce Carol Oates

Sinatura: 3A/4178 e na [EbiblioDaCoruna](https://bibliodacoruna.es)

IG: 90 me gusta / 4 comentarios

Semana 8: 7 de xaneiro de 2021

Francisco de Borja Alba de Lauria e Monforte, marqués de Gules e inspector do Corpo Nacional de Policía na Xefatura de Barcelona, investiga o asasinato de Mariela Veigas, prostituta nun club de alterne. Un caso que oculta máis do que amosa...

Tu refugio en el infierno / José María Fuster-Fabra

Sinatura: 3A/4651

IG: 91 me gusta / 5 comentarios


Semana 9: 14 de xaneiro de 2022

Todo comeza co roubo do manuscrito de "Vento mareiro", de Cabanillas, e despois co dun valioso papiro exipcio vinculado ás revoltas da primavera árabe. Demasiada xente quere o papiro, ao prezo que sexa...Soutelo sospeita que todo ten que ver coa aparición dun cadáver sen mans na praia da Lanzada.

Bícame, Frank / Miguel Anxo Fernández

Sinatura: GAL N 44 e na [EbiblioDaCoruna](https://www.ebiblioda.coruna.es/)

IG: 95 me gusta / 2 comentarios

Semana 10: 21 de xaneiro de 2022

Durante máis de vinte e cinco anos, o lendario líder e pioneiro Robin Sharma foi mentor de multimillonarios, titáns nos negocios, superestrelas do deporte e personaxes do entretemento a través dunha metodoloxía revolucionaria que os levou a lograr resultados extraordinarios. Neste libro pon o seu sistema de transformación ao dispor de calquera que estea listo para unha vida chea de positividade insaciable e inmensa produtividade.

Manifiesto para los héroes de cada día / Robin Sharma

Sinatura: 3P/2025

IG: 47 me gusta / 1 comentario

Semana 12: 4 de febreiro de 2022

A historia de Pinocho, de Carlo Collodi, cóntanos as aventuras dun boneco de madeira moi traveso. Se queredes achegarvos a este clásico, recomendámosvos esta adaptación de Concha López Narváez, con preciosas ilustracións de Violeta Monreal.

Pinocho / Concha López Narváez ; ilustraciones, Violeta Monreal**Sinatura:** N GRA / r

IG: 43 me gusta / 2 comentarios

Semana 13: 11 de febreiro de 2022

- Ola, son Leopoldo Abadía, e vouche contar como quedou a nosa economía despois da crise, que vai pasar coa clase media, onde debes investir, que vai pasar coa educación e coa seguridade social... Todas as túas dúbidas sobre a nosa economía quedarán resoltas.

- Vale, Leopoldo, xa nos facemos unha idea da nosa economía persoal e do país sen ter que ler o teu libro, pero xa que somos da biblio teremos que botarlle un ollo, e logo xa imos vendo...

La economía en 365 preguntas / Leopoldo Abadía**Sinatura:** 3K/599

IG: 57 me gusta / 2 comentarios

Semana 14: 18 de febreiro de 2022



Déixate trasladar á Inglaterra do século XVI, ao Renacemento máis enigmático, cheo de supersticións e rituais, da man dunha heroína fascinante...

Moitas grazas a Sementes do Arte pola súa colaboración ao vestiario!

La comedora de pecados / Megan Campisi

Sinatura: 3A/4479

IG: 180 me gusta / 4 comentarios

Semana 15: 25 de febreiro de 2022



Este home de mirada pícaro preséntanos un percorrido pola súa discografía, con ilustracións, anotacións manuscritas, letras inéditas e variacións de texto das súas cancións. Se eres fan de Joaquín Sabina, tes que lelo.

Por certo, aínda que na foto non se aprecie ben, que saibades que tanto o bombín coma o bastón son produtos orixinais comprados nun concerto de Joaquín Sabina.

Con buena letra / Joaquín Sabina

Sinatura: 3W/1478

IG: 80 me gusta / 3 comentarios

Semana 16: 4 de marzo de 2022

Un grupo de mozos decide construír unha «habitación escura»: un espazo pechado e insonorizado onde nunca entra a luz. O que comeza como unha mestura de xogo e transgresión vai cobrando novos usos a medida que van enfrontándose á madurez. A través das vidas de quen ao longo de quince anos entran e saen dela, vemos o duro despertar á realidade dunha xeración...

Hoxe marcámonos un branco e negro cruzado, tratando de darlle un pouco de aquel á portada... Pero o libro é moi entretido!

La habitación oscura / Isaac Rosa**Sinatura:** 3S/8568

IG: 57 me gusta / 2 comentarios

Semana 17: 11 de marzo de 2022

Concha Piquer non é só unha icona da copla e a historia sentimental de España: tamén foi unha muller que rompeu moldes e cambiou moitas das leis non escritas do mundo do espectáculo. Nena prodixio, moza triunfadora en Broadway e amante con moi mal ollo para os homes, foi a primeira tonadilleira en ter compañía propia, antes da Guerra Civil, e

en contar con cancións exclusivas nas súas obras.

Doña Concha : la rosa y la espina / Carla Berrocal**Sinatura:** 3X/768

IG: 72 me gusta

Semana 18: 18 de marzo de 2022

Descobre ao verdadeiro Stalin, unha das personaxes máis influentes e decisivas do século XX. Un xeorxiano, de pai alcohólico e orixes humildes, que abrazou a causa marxista cando estudaba no seminario para converterse nun mozo revolucionario que loitaba contra os tsares. Baixiño, collo, serio, intuitivo, coherente, valente e seguro de si mesmo. Poeta, enamorado, listo, mullereiro e lector empedernido.



Rescatamos un traxe de voda do século pasado para facer a foto, con chaleco e todo. E como non podemos decidir se nos gusta máis a foto arregladiño ou desaliñado, velaí van as dúas.

Stalin / Ramon Espanyol i Vall**Sinatura:** 3Z/2262

IG: 44 me gusta / 3 comentarios

Semana 19: 25 de marzo de 2022

É 1940 e Sarah Goldstein agóchase a plena vista baixo a identidade de Ursula Haller, a Shirley Temple da alta sociedade nazi. Ela axuda á resistencia espiando aos xenerais nazis nas grandes festas de Berlín, pero Sarah anhela axudar en máis tarefas. Pero de pronto, o espía para o que traballa, o Capitán, infórmaa sobre un médico alemán rebelde en Centro América.

La Espía de Hitler / Matt Killeen**Sinatura:** 3A/4874

IG: 50 me gusta / 2 comentario

Semana 20: 1 de abril de 2022

O día 2 de abril é o Día da Literatura Infantil e Xuvenil, así que aproveitamos para recomendarvos a saga Bad Ash ao completo con este bookface triple. A triloxía que arrasa entre as xeracións máis novas, foi escrita por Alina Not que antes de ser fichada por Planeta xa era un éxito en Wattpad. As tres novelas (1. Saltan chispas, 2. Sin miedo, 3. Respira) están dispoñibles tanto na Biblioteca

como na EbiblioDaCoruna.

Bad Ash / Alina Not

Sinatura: N NOT bad / m e na EbiblioDaCoruna os tres: [Saltan chispas](#), [Sin miedo](#) e [Respira](#)

IG: 100 me gusta / 5 comentarios

Semana 21: 8 de abril de 2022

Germán, ao que chaman o Gato, morreu. Os seus amigos e a súa irmá vélanos no tanatorio, e pola mente de cada un deles van pasando, como nunha película, recordos que revelan como foi a súa vida. Desta maneira coñecemos os acontecementos que lle levaron a esta morte prematura: unha existencia marcada polo alcohol.

Esta novela realista sobre como o alcohol pode facernos perder todo, é a nosa recomendación de literatura xuvenil de hoxe neste mes en que se celebrou o Día da literatura infantil e xuvenil.

Las 7 muertes del Gato / Alfredo Gómez Cerdá

Sinatura: N GÓM sie / m IG: 45 me gusta / 2 comentarios

Semana 22: 15 de abril de 2022

Se hai un clásico dentro dos libros para as xeracións máis novas, ese é o polo Pepe, que nunca aburre e sempre enternece.

É outra das recomendacións de literatura infantil e xuvenil á que dedicamos os BookFaceFriday deste mes por celebrarse o día 2 o Día da literatura infantil e xuvenil.

El pollo Pepe / Nick Denchfield y Ant Parker

Sinatura: TE CUENTO / N DEN pol IG: 64 me gusta / 4 comentarios

Semana 23: 22 de abril de 2022

Novela autobiográfica perfecta para coñecer un pouco máis á galardoada co Premio Cervantes 2021, Cristina Peri Rossi, que recibe hoxe o galardón. Esta novela percorre os seus anos de infancia e mocidade con perplexidade e estrañeza ante un mundo que lle tocou vivir e non comprende. A través das páxinas do libro percíbese unha vida en permanente conflito entre o desexo e a realidade, buscando cumprir os seus anhelos máis profundos a pesar das prohibicións e costumes sociais que conleva o ser muller.

La insumisa / Cristina Peri Rossi

Sinatura: 3A/4991 IG: 61 me gusta / 2 comentarios

Semana 24: 29 de abril de 2022

Desde que era nena, Raquel soñou sempre con chegar a ser futbolista profesional. Grazas ao seu esforzo, sacrificio e a uns compañeiros de equipo que sempre a apoiaron, agora, aos dezanove anos, parece que o conseguiu. Pero tiveron a mesma sorte o resto das súas compañeiras? A carta dunha nai sobre o bullying que sofre a súa filla no colexio por querer xogar ao fútbol fará que Raquel repase a súa biografía e

déase conta de que o seu maior desexo nunca se cumpriu se non chega a ser por todas as mulleres que loitaron por xogar antes que ela, por pertencer a unha liga profesional, por ser respectadas como futbolistas.

13 : nadie las enseñó a ser grandes, tuvieron que aprender por su cuenta / Andrea Menéndez Faya**Sinatura:** N NEN tre / a

IG: 68 me gusta / 3 comentarios

Semana 25: 6 de maio de 2022

No mes das Letras Galegas, dedicamos todos os bookface a libros da nosa literatura, comezando esta semana con "Dime algo sucio", unha novela de intriga que pretende desvelar o misterio que une as vidas cruzadas de persoas moi diversas, que buscan atopar un anaco de esperanza nalgunha das fendas da cidade cero. Escrita cunha prosa áxil e directa, amosando unha eficacia narrativa extraordinaria, esta cuarta novela confirma a madurez literaria de Diego

Ameixeiras, un dos autores máis orixinais e valiosos da narrativa galega do século XXI.

Dime algo sucio / Diego AmeixeirasDispoñible na Biblioteca e na EbiblioDaCoruna**Sinatura:** GAL/14902

IG: 58 me gusta / 3 comentarios

Semana 26: 13 de maio de 2022

O vindeiro martes celebramos o Día das Letras Galegas, no que este ano conmemoramos a figura e obra de Florencio Delgado Gurriarán, así que este venres aproveitamos para recomendarvos a súa biografía asinada por Xesús Alonso Montero.

Boa parte da súa obra, así coma estudos sobre a súa persoa e produción, están dispoñibles asimesmo na Biblioteca. Na EbiblioDaCoruna tamén están os ensaios de Miro Villar e Héctor Cajaraville.

Florencio Delgado Gurriarán : poeta na terra, na guerra e no exilio : antoloxía poética / Xesús Alonso Montero

Sinatura: GAL I 170 e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 29 me gusta


Semana 27: 20 de maio de 2022

Hoxe recomendamos un precioso conto ilustrado de @margaritadelmazo e Charlotte Pardi editado por @oqoeditora. Que conta a historia dunha amizade entre un bruxo que caza nenos para a súa despensa e a que ía ser a súa próxima vítima...

Carabuñas / texto de Margarita del Mazo ; ilustracións de Charlotte Pardi

Sinatura: N MAZ car / z

IG: 45 me gusta / 3 comentarios

Semana 28: 27 de maio de 2022

Hoxe recomendamos esta novela de Carlos Meixide que levou o I Premio de Novela Camiño de Santiago. Unha historia que o seu autor define como pulp e que toma o Camiño de Santiago coma un pretexto para explorar a natureza humana a partir de dúas mulleres que, levadas polo azar e pola paixón, farán o Camiño xuntas. Polo medio, un caso de terrorismo internacional inesperado. Unha reflexión tamén sobre o poder do erotismo e das moitas formas do

amor.

Camiño de paixóns / Carlos Meixide

Sinatura: GAL/17360

IG: 45 me gusta / 2 comentarios

Semana 29: 3 de xuño de 2022

Aos dezasete anos, Anna K., de orixe coreana, ten unha vida de ilusión: é unha das mozas máis populares de Manhattan, ten un noivo perfecto e uns pais orgullosos dela. Pero, todo cambiará cando coñeza a Alexia Vronsky...

Anna K. / Jenny Lee

Sinatura: N LEE ann / m

IG: 32 me gusta / 2 comentarios

Semana 30: 10 de xuño de 2022

Andy Warhol foi un dos grandes creadores do século XX. Tamén foi artífice dun personaxe fascinante, excéntrico e refulxente. Unha quimera vivente que brillaba por igual entre intelectuais, travestis, drogadictos, ultrarricos e superestrelas, mantendo o seu pasado nun borroso recordo impenetrable.

Andy Warhol / Jean-Noël Liaut**Sinatura:** 3Z/2556

IG: 35 me gusta / 2 comentarios

Semana 31: 17 de xuño de 2022

No libro gañador do Premio Internacional de Ensaio Caballero Bonald 2018, Mercedes Monmany céntrase na literatura, tanto de ficción como memorialística e testemuñal, do que foi o Holocausto. E para iso, escolle tres grandes autoras que morreron en Auschwitz: Irène Némirovsky, Gertrud Kolmar e Ety Hillesum. A través dos seus destinos, distintos nas súas orixes pero emparentados ao final pola barbarie, Monmany

traza a desaparición de gran parte da intelectualidade europea e da tradición da modernidade xudía que tanto conformou a identidade do continente desde Spinoza ata a irrupción dos totalitarismos.

Ya sabes que volveré / Mercedes Monmany**Sinatura:** SM 929 MON yas

IG: 43 me gusta / 2 comentarios

Semana 32: 24 de xuño de 2021

No restaurante Darna, o local de moda en Ramallah reúnese periodicamente un grupo de amigas. Todas teñen dous problemas: a menopausa e a súa vinculación, por nacemento ou elección, con Palestina. Ao redor da mesa entrecrúzanse as historias de Onda, Jamilleh, Lena, Fadia, Ra, Maya e

outras amigas: cada unha fala de si mesma con sinceridade e emoción, co transfondo das tormentosas vicisitudes políticas e sociais de Oriente Próximo. O amor, a guerra, a familia, a política, o sexo, a inxusta e longa ocupación militar, a vida e a morte... e tamén a idade que avanza.

No hay sexo en Ramallah / Suad Amiry

Sinatura: SM 892.4-31 AMI nie IG: 73 me gusta / 3 comentarios

Semana 33: 1 de xullo de 2022

A apaixonante historia dunha muller que encarna a complexa historia recente de China. "Todas elas quedaron viúvas aquela noite do verán de 1944. A partir de entón no pobo de Shitun houbo nove viúvas en plena flor da vida...".

Oito adolescentes convértense en "viúvas heroicas" tras liberar a oito guerrilleiros laoba dunha morte segura a mans dos xaponeses. A novena viúva, Wang Putao, non recibirá os mesmos honras que elas. Orfa desde moi nena, pasa a formar parte da familia de Sun Huaqing, un próspero comerciante, pero todo cambia tras o triunfo da revolución comunista comandada por Mao Zedong.

La novena viuda / Geling Yan

Sinatura: S 895.1-31 YAN jiu

IG: 59 me gusta/ 2 comentarios

Semana 34: 8 de xullo de 2022

«Escribo porque as persoas ás que amaba morreron. Escribo porque cando era nena tiña unha gran capacidade de amar e agora esa capacidade de amar está a morrer. Non quero morrer.» Así comeza o relato en primeira persoa de Jana, a historia dun matrimonio e da súa ruptura. A historia dunha estudante de literatura hebrea que foi definida como unha moderna madame Bovary israelí.

Mi querido Mijael / Amos Oz**Sinatura:** S 892.4-31 OZ mij

IG: 33 me gusta / 2 comentarios

Semana 35: 15 de xullo de 2022

Cada xoves pola mañá ao longo de dous anos, Azar Nafisi, unha valente e brillante profesora iraniana, reúne clandestinamente no salón da súa casa a sete das súas alumnas máis avantaxadas a fin de ler libros prohibidos: obras de Jane Austen, Henry James, Scott Fitzgerald e, por suposto, de Vladimir Nabakov, o autor de Lolita. Mentres as mozas aos poucos exprésanse a través dos

libros, danse conta como as súas propias vidas vanse transformando e mesturando coa trama das obras ás que se entregan.

Leer "Lolita" en Teherán / Azar Nafisi**Sinatura:** S 892.7 NAF lee

IG: 36 me gusta / 2 comentarios

Semana 36: 22 de xullo de 2022

Hoxe recomendamos a novela gañadora do prestixioso Man Booker International Prize 2017, e ademais esta tradución obtivo o Premio Nacional á Mellor Tradución en 2016.

David Grossman constrúe unha novela feroz e tenra á vez, ambientada en Cesarea, na que un home de mediana

idade subido a un miserable escenario é capaz de converter un antro nun Gran Cabaret: o cabaret da vida.

Gran cabaret / David Grossman

Sinatura: S 892.4-31 GRO gra IG: 38 me gusta / 2 comentarios

Semana 37: 29 de xullo de 2022

Hoxe temos de recomendación un poderoso thriller familiar pola autora galardoada co Premio Pepe Carvalho de Novela Negra 2019, eloxiada por José Saramago e Rosa Montero e consagrada pola crítica estranxeira, con máis de medio millón de lectores.

Despois de vinte anos unha muller volve á Arxentina, de onde partiu escapando dunha desgraza. Pero a que regresa é outra: non loce igual, a súa voz é diferente. Nin sequera leva o mesmo nome. Recoñecerana quen a coñeceu entón? Recoñeceraa el?

Una suerte pequeña / Claudia Piñeiro

Sinatura: S 860-31 PIÑ sue e na EbiblioDaCoruna

IG: 39 me gusta / 2 comentarios

Semana 38: 5 de agosto de 2022

Os detalles inéditos dunha historia de amor que revolucionou o mundo do cinema e das revistas do corazón para mediados do século pasado: o romance entre Elizabeth Taylor y Richard Burton, da man de Sam Kashner y Nancy Schoenberger. Unha recomendación para pasar a primeira fin de semana de agosto.

El amor y la furia / Sam Kashner y Nancy Schoenberger

Sinatura: D6723 929 KAS amo IG: 74 me gusta / 3 comentarios

Semana 39: 12 de agosto de 2022

Unha moza nada en Marrocos e criada nunha cidade do interior de Cataluña chega ás portas da vida adulta. Á rebelión persoal que atravesará calquera mozo, ela debe sumarlle un dilema: saír ou quedar no mundo da inmigración. A protagonista desta novela é unha moza brillante que, ao terminar o instituto, debátese entre aceptar un

matrimonio arranxado co seu primo ou irse a Barcelona para desenvolver o seu talento.

La hija extranjera / Najat El Hachmi

Sinatura: 3S/10074

IG: 38 me gusta / 2 comentarios

Semana 40: 19 de agosto de 2022

A impostora é un ensaio literario sobre a vida a través do fascinante oficio da tradución. O lector non sospeita os riscos que encerra un texto traducido. Este libro descobre como a nosa orde política, cultural e relixiosa baséase en traducións erróneas; como un oficio considerado case doméstico está manchado polo sangue de quen o exerce; como o prestixio dos escritores que se aventuran neste campo pode ser cuestionado; como, a pesar do seu importante traballo, as mulleres son tamén aquí invisibles. A tradución é un espello onde a síndrome da impostora cobra un fondo sentido existencial.

La impostora / Nuria Barros

Sinatura: 3M/3768 e na [EbiblioDaCoruna](https://biblioteca.coruna.es/)

IG: 41 me gusta / 1 comentarios

Semana 41: 26 de agosto de 2022

Benjamín recibiu unha misión que se lle antolla desmesurada: deter a Guerra Civil. Aínda que non cre que sexa posible, para eludir un probable pelotón de execución, percorrerá un país que se lanzou, ao parecer con entusiasmo, á súa propia destrución. De camiño irá atopando estrambóticos personaxes, aparicións delirantes que lle farán pensar que se volveu tolo.

Esta novela é un disparate, un mundo de alucinación no que escenas realistas conviven con sucesos imposibles, aínda que nunca se sabe se as situacións máis esperpénticas están sacadas da realidade ou da imaxinación do escritor.

La comedia salvaje / José Ovejero

Sinatura: 3A/5191

IG: 48 me gusta

Semana 42: 2 de setembro de 2022

Julia é xornalista, acaba de separarse e decide deixar atrás Madrid e regresar ao seu pobo, en Galicia, co seu fillo Sebas, para cambiar de aires e coidar da súa nai. O neno ten dez anos e está convencido de que a súa avoa Luz é o deus Thor, porque nunca se separa do seu martelo.

Golpes de luz / Leticia Costas

Sinatura: GAL/8321 e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 53 me gusta / 4 comentarios

Semana 43: 9 de setembro de 2022

Que sucede cando a nai da que foi a túa mellor amiga reaparece ao cabo de vinte e cinco anos para preguntarche que levaba a súa filla nun peto da chaqueta o día que a atropelou un tren? É o que lle ocorre á narradora desta profunda e trepidante historia. E a partir dese enigmático e doloroso primeiro correo electrónico, empeza a fugar na memoria.

La memoria del alambre / Bárbara Blasco

Sinatura: 3A/5223

IG: 32 me gusta

Semana 44: 16 de setembro de 2022

Alice nunca saíu ao mundo. A súa cea é ás nove en punto, o seu soño dura exactamente oito horas, xamais ten unha soa engurra na roupa, parpadea 86400 veces ao día, respira 30000 veces ao día, só fala cando lle preguntan, xamais levantou a voz e, o máis importante, xamais se preguntou que pasaría se todo cambiase.

Pero, e se iso ocorrese?

Ciudades de humo / Joana Marcús

Sinatura: N MAR fue / m

IG: 86 me gusta / 3 comentarios

Semana 45: 23 de setembro de 2022

Hoxe buscamos dúas portadas parecidas e viñémonos arriba facendo un 2x1, con perruca e todo. Ambos libros son de autores estranxeiros e o que se relata neles está entre o real e o distópico ou misterioso. En fin, teredes que lelos para saír de dúbidas.

Friday Black / Nana Kwame Adjei-Brenyah

Sinatura: 3A/4658 e na [EbiblioDaCoruna](https://www.facebook.com/EbiblioDaCoruna)

La confesión de la leona / Mia Couto

Sinatura: 3S/10409 e na [EbiblioDaCoruna](https://www.facebook.com/EbiblioDaCoruna)

IG: 50 me gusta

Semana 46: 30 de setembro de 2022

Andrew e Jamie Wyeth, destacados pintores representantes do realismo americano do século XX, foron os protagonistas dunha exposición no Museo Thyssen-Bornemisza en colaboración co Denver Art Museum. Esta foi a primeira retrospectiva sobre os artistas feita en Europa, comisariada por Timothy Standring, entre finais de 2015 e comezos de 2016.

Wyeth: : Andrew y Jamie en el estudio : 1 de marzo-19 de junio de 2016

Sinatura: 3R/2929

IG: 78 me gusta / 2 comentarios

Semana 47: 7 de outubro de 2022

Cando era adolescente, Eka tivo que deixar a súa casa para fuxir da guerra e da limpeza étnica do seu pobo, un lugar fronteirizo nunha das rexións soviéticas máis orientais. O odio e a xenofobia vividos durante a súa nenez e un atroz suceso ocorrido durante o seu éxodo fixo que a súa vida quedase marcada para sempre.

La maestra de Stalin / Cristina Cerrada

Sinatura: 3A/5275

IG: 53 me gusta

Semana 48: 14 de outubro de 2022

"Un día as flores comezaron a medrar na cabeza do meu irmán maior e empezaron a falar con el..."

Hoxe unha recomendación de libro infantil, que poucos vos traemos, de @planetadcomic.

Las flores de mi hermano mayor / Gaëlle Gueniller

Sinatura: C GEN flo / v

IG: 37 me gusta / 1 comentario

Semana 49: 21 de outubro de 2022

"Ocupamos roles polo simple feito de ser como somos e non por quen en verdade sentimos. Todo está organizado para que, cada un, nos manteñamos fieis ao que de nós se agarda; ao que, porque si, decidiron uns homes. Sempre homes. Homes con medo á cor. Que visten de escuro para esconder as súas cinturas, para ocultar as súas ideas. Que borrar os sinais da súa carne e só deixan que, sobre o peito, luzan os símbolos da súa fe colgando dunha cadea ou dun anaco de corda. Homes que nos impoñen ligaduras que proveñen dalgún lugar indefinido entre a súa cabeza e a súa fel, alí onde arraigan a fatiga e a vergoña, a dúbida e o desamor".

Si te digo que lo hice / Jaime de los Santos

Sinatura: 3A/5032

e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 44 me gusta

Semana 50: 28 de outubro de 2022

Hoxe unha recomendación de terror en relación á celebración do día 31 de outubro... e con algunhas fotos do "como se se fixo".

Dedicados á confección de pezas artesanais inmaculadamente brancas, os Fritz son unha comunidade-santuario á marxe da sociedade. Pero, tras un incendio no caserío no que viven, os bombeiros achán o corpo amordazado e sen vida dunha moza de catorce anos...

Dispoñible na Biblioteca e na [EbiblioDaCoruna](#).

Blanco inmaculado / Noelia Lorenzo Pino

Sinatura: 3A/5612 e na [EbiblioDaCoruna](#)

IG: 87 me gusta / 3 comentarios

Semana 51: 4 de novembro de 2022

Sandra decidiu retirarse a un pobo da costa levantina. Na praia coñece a un matrimonio de octoxenarios noruegueses que parecen a solución aos problemas de Sandra. Julián, un ancián que acaba de chegar de Arxentina, sobrevivente do campo de exterminio de Mauthausen, segue paso a paso as idas e vindas dos noruegueses. Un día Julián aborda a Sandra e revélalle detalles dun pasado que a Sandra só lle soan por algunha película ou algún documental: horrores en branco e negro que non teñen nada que ver con ela...

Dispoñible na Biblioteca e na [EbiblioDaCoruna](#).

Lo que esconde tu nombre / Clara Sánchez

Sinatura: 3S/5610

IG: 64 me gusta / 3 comentarios

Semana 52: 11 de novembro de 2022

A nova e intrépida xornalista Ellie Holmes xurou non regresar xamais a Lagoa Cortez, o lugar onde perdeu á súa familia, a súa inocencia e a súa fe no amor. Xurou tamien que esquecería a Alex, o mozo que lle rompeu o corazón no peor momento da súa vida.

Este BookFaceFriday supón o fin dun camiño e a apertura de novos vieiros para a persoa que o protagoniza e co que tantas risas botamos, por iso eliximos esta publicación para rematar o terceiro ano de BookFaceFriday. É o noso particular agasallo a quen nunca se negaba ás nosas tolerías ♥

Eterna tentación / J. Kenner**Sinatura:** 3A/5368

IG: 65 me gusta / 2 comentarios